

Desexámosvos...

un bo

LIBRO

e

unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2011

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



EDUCACIÓN INFANTIL:

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s pensades
escribir ...



... a canta xente máxica esté disposta a manter a vosa ilusión , porque nestas datas sempre vos da pola vena epistolar... pois de novo suxerencias para pedichonear:

- **Un can e un gato- Paula Carbonell-OQO:** Cando o can e o gato se atopan, non se entenden, pouco a pouco iran-se coñecendo, xogarán, enfadaranse, sentiranse mal cando discuten... Pode que logren pasalo ben xuntos.



- **Animais de compañía-Baía :** Queres coñecelos? Podes tocar, escoitar...



- **Un cabaliño de mar soño-S: Freymann - Linteo:** Atopará amigos no fondo do mar? Fotos cheas de cor con personaxes e paisaxes creadas con froitas e outros vexetais.

- Na mesma colección **Que tal canciño?**



Que tal pequeniño?




Guille e botón



- **A tartaruga de Martiño-Mª Canosa-Everest:** Martiño quere durmir cos seus pais porque ten moito medo pola noite, iso que ten unha chea de amigos de xoguete...

- **O gato-M. Ganges-Combel:** Para descubrir todo sobre os teus animais favoritos, 12 títulos en total, doce animais por coñecer: can, tigre, ovella, peixe...



- **Xa me tardan estes magos-Mamá Cabra:** Con textos d@s nos@s millor@s autor@s de poesía infantil, para desgañitarte nestas vacacións

